

Guía de
**PROTOCOLO ESPECÍFICO NA
ACTUACIÓN ANTE OS CASOS DE
AGRESIÓN A DOCENTES**



Que é esta guía?

Pretende ser un documento de referencia para a consulta dun protocolo específico de actuación para os traballadores dedicados á Docencia ante situacións de agresións verbais e/ou físicas por parte dos usuarios dos seus respectivos servizos.

Deste xeito, o profesional docente poderá acadar un coñecemento rápido e práctico dos aspectos máis significativos dos procesos que implican este tipo de situacións no exercicio da súa profesión.

Aspectos básicos

1

A agresión no contexto educativo

Dentro do ámbito educativo, a normativa establece que as agresións a persoal docente son consideradas **condutas contrarias á convivencia escolar**, e polo tanto, son susceptibles de resolución mediante medidas de corrección.

Estas condutas teñen a consideración de **faltas** e a tipoloxía é ampla, aínda que por estatística os tipos máis frecuentes son as **agresións físicas** e as **agresións verbais**.

AGRESIÓN:

“Aquel acto ou ataque violento que ten a firme intención de causar dano a quen vai dirixido”.

As **NOF** (*Normas de Organización e Funcionamento*) ou **RRI** (*Regulamento de Réxime Interno*) de cada centro, recollen aspectos máis concretos sobre ditas clasificacións e criterios. Estes documentos son elaborados con total autonomía polos propios centros en función das súas características particulares.

Clasificación das agresións

Condutas **leves** contrarias á convivencia.

Condutas **gravemente perxudiciais** para a convivencia.

Criterios de clasificación

Intencionalidade por parte do agresor.

Reiteración.

Natureza dos prexuízos ocasionados.

Carácter especialmente vulnerable da vítima.

Recoñecemento incorrecto dos feitos por parte do agresor.

O Persoal docente

2

O profesorado ten o recoñecemento da condición de autoridade pública, o que implica dous efectos legais:

Unha **protección do ordenamento xurídico** correspondente



Unha **“presunción de veracidade”**


(atribución de valor probatorio aos feitos que o profesorado constate no exercicio das súas funcións de corrección disciplinaria)

Deste xeito, todo aquel profesor que sufrise calquera tipo de agresión física ou verbal, estaría firmemente apoiado pola lexislación para a resolución do conflito, tanto por vía administrativa como xudicial, segundo fose o caso.

Protocolo de actuación

O docente que sofre unha agresión durante o desenvolvemento do seu traballo por parte do seu alumnado, debe afrontar unha situación que lle xera unha forte tensión física e emocional.


O mantemento da **calma** e a **rápida reacción para defenderse** dunha agresión, seguindo unha serie de **pautas axeitadas**, serán factores esenciais que o docente deberá manexar e resolver da forma máis adecuada e rápida posible.




O proceso a levar a cabo unha vez acontecida a agresión debe iniciarse abarcando unha serie de **pasos a nivel administrativo dentro do centro**, aínda que tamén pode contemplar **trámites externos** relativos á **atención médica** e ao **ámbito xudicial**. Todos eles aparecen recollidos no esquema que se presenta a continuación.

ESQUEMA SOBRE O PROTOCOLO ANTE AGRESIÓNS A DOCENTES NOS CENTROS DE ENSINO

VÍA ADMINISTRATIVA (CENTRO)



VÍA XUDICIAL



Outros aspectos importantes

Se existe **reiteración** de agresión por parte dun mesmo alumno, os trámites serían máis simples e rápidos:

Se a **situación** froito da agresión dentro da aula ou no centro é **incontrolable ou perigosa** para a integridade física do docente e/ou dos demais membros da comunidade escolar, pode solicitarse a intervención de **axentes externos** como: Policía, Garda Civil, Servizos Sanitarios, etc.


O **Informe dos feitos** a realizar polo docente debe recoller, polo menos: a data, a hora, o lugar, datos completos do alumno agresor, e descrición o máis detalladamente posible do que sucedeu.

O **xuíz instructor** que se asigne a cada caso será calquera outro docente do centro, distinto do profesor agredido. Non deberá ser membro do equipo directivo.

O **responsable** de aplicar e realizar o seguimento das **medidas reeducativas** será o profesional encargado do **Departamento de Orientación**.

As **NOF** ou **RRI** de cada centro recolle medidas concretas para dar respostas a accións concretas, como son as agresións. Tamén **recollen medidas de sensibilización e promoción da convivencia escolar**, tratando de previr agresións entre os membros da comunidade escolar.

O **coñecemento por parte dos docentes** do contido das NOF e RRI e a súa **implicación** nas medidas de promoción da convivencia, é un dos factores fundamentais para favorecer a súa propia **seguridade e prevención de riscos**.



Lexislación de referencia



- LEY 4/2011, de 30 de xunio, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- PROTOCOLO XERAL DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Edita:
Central Sindical Independente e de Funcionarios
(CSI-F Galicia)
Rúa do Valiño, 65 baixo, 15707, Santiago
Novembro de 2015

Reservados todos os dereitos. Prohibida a reprodución total ou parcial, por calquera medio, xa sexa electrónico ou mecánico, xerocopia, gravación ou sistema de microfílimes, sen autorización escrita dos propietarios

Diseño gráfico: Método Consultores

Depósito Legal: DL C 2051-2015

